

LINGUA GALEGA

A participación de Sabela Ramil no Reality OT é un fenómeno social e **mediático** de grande repercusión en Galiza (e tamén fóra). A súa decisión de cantar en galego e a escolla do **repertorio** é un sopro de ar limpo e fresco que nos pon diante do espello das nosas **frustracións**, contradicións, expectativas e fortalezas.

5 A primeira reflexión que esperta é a do papel da televisión pública española en relación coa diversidade cultural e musical do Estado: a negación, a ocultación e a invisibilidade. Tivo que ser a acción valente e consciente dunha moza galega de vinte e catro anos a que puxese o **contrapunto** extraordinario na normalidade dunha TVE que exclúe a nosa música e a nosa lingua.

10 A segunda lectura é a da lección de orgullo e autoestima que supón a aposta de Sabela Ramil por un repertorio de cancións galegas, presumindo da súa beleza, da súa riqueza e da súa valía como instrumento **estético** e de comunicación. Nestes tempos de renuncias e de (auto)negacións, o seu xesto fai pola promoción da lingua mil veces máis do que todas as inútiles campañas e plans dun goberno que legisla e actúa contra o idioma propio. E sobre todo

15 supón un referente positivo e un espello no que mirarse para unha mocidade que disque deserta do país e da lingua.

A terceira conclusión é a constatación do talento, a excelencia e a creatividade da música galega, por máis que fallen resortes básicos para dotala de estabilidade e visibilización. O que podería chegar a ser, como o conxunto da cultura galega, cun goberno e uns medios públicos

20 que cresen nela, no seu poder como marca de identidade e de calidade dunha nación.

A cuarta lección que nos brinda Sabela é o recoñecemento nun repertorio, nunha tradición musical, nuns nomes que son raíz e tronco a partir do cal desprezar todas as potencias, todas as variantes, todas as **melodías**. E é a escolla do tema da final, a canción *Tristras* de Marful, toda unha declaración de intencións.

25 En fin, que é tempo de sermos conscientes das frustracións, das derrotas, das dificultades, das submisións. E tamén é tempo de celebrar a grandeza, a beleza e a forza dunha cultura que ten na creación e na rebeldía o compás do seu futuro. E se non abonda sempre fica a ironía: “Se non che chega este mundo faite astronauta”.

(Luís Bará, *Sermos Galiza* 15.12.2018)

Cuestións:

1. Explique o significado que teñen as seguintes palabras e expresións no texto (en letra negra): *mediático* (l. 1), *repertorio*, *frustracións* (l. 3), *contrapunto* (l. 8), *estético* (l. 11) (1 punto).
2. Faga un esquema coas ideas principais e as ideas secundarias do texto (2 puntos).
3. Escriba as formas femininas dos seguintes substantivos e adxectivos: *mozo*, *catalán*, *folgazán*, *san*, *xudeu*, *can*, *león*, *abusón*, *patrón*, *xuíz* (1 punto).
4. Xustifique o emprego do infinitivo conxugado na frase *é tempo de sermos conscientes das frustracións...* (l. 24), e a seguir escriba o infinitivo conxugado e o pretérito pluscuamperfecto dos verbos *ter*, *facen*, *ir* e *ver* (2 puntos).

LINGUA GALEGA

5. Escriba un comentario crítico sobre o tema do texto, engadindo argumentos propios a favor ou en contra da opinión do autor (4 puntos).